

Buenos Aires, 30 de Novembro de 1974.

Sr. D. Marino Dónega Rozas

A Cruña

Meu querido amigo:

Duas verbas pra che decir que mañán comenzo a miña xestión pra viaxar a esa na primeira quicena de Xaneiro. Supoño que estaremos na Cruña a fins dese mes ou nos primeiros días de **Febreiro**. Eiquí estamos xa en vrau, e o 5 de Xaneiro inauguro unha eisposición en Mar del Plata, quédame aínda por arranxar a selección duns cadros pra expoñer na Galería Wildenstein de Londres no transcurso do ano que ven.

Traballéi moito este ano e penso continuar ~~facéndoo~~ nesa, sin me preocupar demasiado ~~do~~ que non sexa o meu traballo, un pouco o que fai todo o mundo.

Esta, enmais de contestarche, ten por ouxeto desexarvos a todos vos da nosa parte un bon fin de ano, bo Nadal e un moi bon ano que ven. Unha aperta de Maruxa e miña pra Fernanda, o voso fillo, e pra tí: